

INXUSTIZA!

Pareceríache xusto que ti poideras estudar e aprender cousas novas, pero a túa mellor amiga non, polo feito de ser muller?

Esta é a historia de Ruti. Ocorreu no século XIX.

Encantáballe a Filosofía e era unha amante do saber e da literatura. O seu soño era poder asistir á Universidade e estudar esas carreiras, pero naquela época as mulleres non podían facelo .Ela non se rendiría facilmente.

Aos 14 anos , o seu pai quería casala, pero ela non estaba disposta a compartir a súa vida cunha persoa á que non amaba. Suplicoulle que non a obrigara a facer aquilo, pero el negouse. Resentida co seu pai marchou para Compostela e, alí , fíxose pasar por un mozo para asistir á Universidade.

Pero...onde se hospedou? Boa pregunta, pero antes de saber a resposta, senta non vais caer do susto: tódalas noites, ao rematar as clases, Ruti entraba na catedral antes de que pechara e agochábase alí para durmir. Unha amiga que coñecía o seu segredo administráballe a comida.

Grazas á súa loita, conseguíuse a igualdade.

MARTINA CONDE DOVAL. 5º DE EP. 11 ANOS.

CEIP "AS MERCEDES" -OURENSE